

# ERASMUS+

## Convocatoria curso 2022-2023

### Mobilidades de alumnado de Ciclo Medio e FP Básica para realizar prácticas de FCT e recién titulados, co Consorcio de Mobilidade

### Proxecto 2020-1-ES01-KA102-079982.

---

#### 1 Obxecto:

---

**Ábrese o prazo de presentación de solicitudes para a realización de prácticas de FCT, así como de titulados de ciclos medios, dos alumnos do CIFP A Granxa interesados en realizar unha mobilidade Erasmus+, nos países europeos do programa.**

**Duración:** Ciclos medios, 79 días no caso de FCT, e 100 días para titulados

Fp básica, 37 días de FCT (5 semanas)

**Quen pode participar:** Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado que estea cursando ciclos formativos de grao medio e FP Básica durante os cursos 2021-2022 e 2022-2023, ou ben que acadara a súa titulación de grao medio ou FP Básica nos 12 meses anteriores ao fin da mobilidade, no CIFP A Granxa.

Non poderá ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta resolución o alumnado e o persoal que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

### Número de prazas:

- Número indefinido de prazas, tanto para FCT como para titulados (repartiranse por orden de petición á Consellería.)

## 2 Comisión avaliadora

---

1. A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora que estará integrada por:
  - Presidente/a: a persoa que exerce a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue. (María Jesús Pena Fariñas)
  - Vogais: O/a coordinador/a de programas europeos. Dous membros do equipo directivo do centro. (Ana Castro Puga, David Toural, Marjhory Vidal Edreira)
  - Secretario/a: un/unha profesor/a do centro, que actuará con voz e voto. (Sergio Piña)
2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo. (Eva Moreira Fontán).

## 3 Criterios de selección

---

Aplicaranse os seguintes criterios de avaliación :

### 1. Expediente académico (máximo 4 puntos).

Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo. (no caso de alumnado para realizar a FCT) ou na totalidade de módulos do ciclo formativo (no caso de prácticas de alumnado titulado).

- Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.
- Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.
- Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.

### 2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 4 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- Certificacións oficiais de competencias lingüísticas aportadas:

A1: 0,5 puntos

A2: 1 puntos

B1: 2 puntos

B2: 3 puntos

C1: 3,5 puntos

C2: 4 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior. **Convalidacións oficiais segundo o marco europeo de linguas (ver anexo 2)**

- Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección.

### 3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos).

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudante en particular, dando máis puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades.

Acórdase por unanimidade valorar a actitude da seguinte forma:

- Ata un máximo de 1 punto a motivación, autonomía, madurez, compromiso co programa, habilidades comunicativas (a partir do informe do titor, do equipo didáctico e considerárase o informe do orientador do centro).
- Valorar con 1 punto por non ter expediente sancionador.
- Ao alumnado que teña expediente sancionador, se valorará o seu caso particular.
- Os dous puntos restantes ata alcanzar o máximo de catro, acadaranse mediante unha entrevista persoal, **e unha carta de motivación** na que o alumno explicará o interese a nivel persoal e profesional en realizar unha mobilidade Erasmus+.
- Deberase obter neste apartado un mínimo de 2 puntos para poder ser seleccionado.

### 4. Outros. No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

4.1 Aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas. (Alumnos que haxan desfrutado de Beca MEC durante o curso pasado).

4.2 Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+

5. **Cláusula de exclusión:** por causas sobrevindas que impidan o adecuado aproveitamento da mobilidade.

## 4 Prazo e presentación de solicitudes

1. As persoas que reúnan os requisitos para participar nesta convocatoria presentarán a solicitude normalizada, segundo o anexo desta convocatoria.

2. Enviar ó correo [programas.internacionais.cifp.granxa@edu.xunta.gal](mailto:programas.internacionais.cifp.granxa@edu.xunta.gal) indicando o tipo de modalidade (FCT ou Titulado), e o ciclo no que están matriculados.
3. Achegarán toda a documentación acreditativa dos méritos fotocopiada ou escaneada, xunto cos orixinais para seren cotexados.
4. **Prazo de inscrición:** dende a data de publicación ata o **venres 30 de setembro de 2022, antes das 23:59 horas.**

## 5 Contías das axudas

Os importes das axudas por mes varían segundo o país no que se realizan as mobilidades e no caso de que sexan estudantes procedentes de contornos desfavorecidos que teñan concedida unha bolsa MEC. Os importes aprobados por mes e país polo Programa Erasmus+ son os que figuran na seguinte táboa:

### Importe mobilidades proxecto 2020-1-ES01-KA102-079982

	Países de destino// Manutención <b>2019-1-ES01-KA102-063732</b>	Importe Mobilidade FCT 11 semanas (79 días)	Importe mobilidade recén titulados (100 días)	Importe mobilidade FCT (FPB) 5 semanas (37 días)
Grupo 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido e Suecia	4.258 €	5.308,00 €	2.158 €
Grupo 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	3.663 €	4.566,00 €	1.857 €
Grupo 3	Antiga República Iugoslava de Macedonia, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Romanía, Turquía, Serbia	3.147 €	3.924,00 €	1.593,00 €

Viajes- Distancias	Importes Viaxes
Entre 10 e 99 km	20 € por participante
Entre 100 e 499 km	180 € por participante
Entre 500 e 1999 km	275 € por participante
Entre 2000 e 2999 km	360 € por participante
Entre 3000 e 3999 km	530 € por participante

Para calcular o importe total de cada mobilidade de alumnado deberá sumarse o importe de manutención que corresponda por país e o importe que corresponda para viaxe por distancia ao país de acollida.

## 6 Adxudicación de axudas

Unha vez revisadas e valoradas as solicitudes, farase pública, no taboleiro Erasmus e na web do centro, o listaxe provisional dos candidatos e a súa puntuación. En caso de non estar conforme ou detectar algún erro, disporán de **cinco días** para solicitar revisión. Unha vez consumido este prazo, entenderase a conformidade da listaxe.

## 7 Renuncia á axuda

1. No caso de que por motivos xustificados un/unha beneficiario/a non poida facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, este/a deberá presentar na coordinación de programas internacionais un escrito de renuncia. Adxudicarase a praza que queda vacante ao/á primeiro/a solicitante que figura na listaxe de reserva.
2. Se o/a beneficiario/a tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que se lle comunicará por escrito cando se resolva a aceptación da renuncia.
- 3.

## 8 Pagamento das axudas ó alumnado

1. As axudas faranse efectivas directamente ao alumnado beneficiario, en dous pagamentos, a través da conta bancaria indicada para tal efecto.
2. O primeiro pagamento será realizado en concepto de anticipo, polo importe do 80% da axuda concedida, unha vez que o/a beneficiario/a e o/a director/a do centro educativo asinen o convenio de subvención Erasmus+ Educación Superior para estudos e/ou prácticas entre países do programa, segundo o modelo establecido polo Programa Erasmus+.
3. Unha vez que o/a beneficiario/a remate a súa mobilidade, nos 30 días posteriores, terá que cubrir un cuestionario en liña na aplicación da Unión Europea (EU Survey), de acordo co establecido no Programa Erasmus+, e presentar un certificado da empresa conforme realizou as prácticas, coas data de comezo e remate da mobilidade. Esta enquisa individual considerarase solicitude de pagamento do 20% restante

da axuda do/a beneficiario/a. No caso de que as datas de realización da mobilidade do alumnado fosen inferiores aos 90 días, o pago do 20% restante minorarase de acordo co establecido no convenio de subvención.

4. A persoa beneficiaria está obrigada a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

## Aclaracións

---

Esta convocatoria rexirase en todos os seus puntos pola “RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN AXUDAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO E O PERSOAL DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E FP BÁSICA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS QUE IMPARTEN FORMACIÓN PROFESIONAL E QUE FORMAN PARTE DO CONSORCIO DE MOBILIDADE QUE DESENVOLVERÁ UN PROXECTO KA102 CON MÚLTIPLES BENEFICIARIOS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+. PROXECTO 2020-1-ES01-KA102-079982. “, que se pode consultar no seguinte enlace:

[http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm\\_send/9880](http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/9880)

## 9 Anexos

---

### Anexo 1

[http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm\\_send/9890](http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/9890)

### Anexo 2

Solicitude de participación nos programas europeos do CIEFP A Granxa 2022-2023

### Anexo 3

Titulacións susceptibles de acreditación, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas